

A LITERATURA DO SÉCULO XIX I

1. Galicia no século XIX

1.1. Introducción

1.2. Contexto histórico e cultural

2. A literatura galega no século XIX

2.1. Periodización

2.2. Os textos do prerrexurdimento

2.3. Os precursores do Rexurdimento

2.4. Escolma de textos

GALICIA NO SÉCULO XIX

INTRODUCCIÓN

Logo dos séculos da Idade Moderna, entre o XVI e o XVIII, durante os cales Galicia medrou demográfica e economicamente á par do resto do Estado, a escasa industrialización no noso país fará que Galicia entre no XIX nunha situación de atraso e crise que durará até o XX. Así, a emigración vai ser un problema fundamental durante o oitocentos.

Con todo, este século vai supoñer, a pesar da situación económica, o renacer da nosa literatura, grazas ao movemento cultural coñecido como Rexurdimento. Este nacerá nun contexto político volátil abeirado a certos movementos políticos cos que establece dinámicas de retroalimentación: o liberalismo e, moi especialmente, o provincialismo/rexionalismo.



CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

O primeiro acontecemento relevante do XIX chega en 1808, cando, baixo a excusa de cruzar a Península para invadir Portugal, **a Francia napoleónica invade España**. O rei Carlos IV cede o trono a Xosé Bonaparte, irmán de Napoléon. Con todo, Galicia será un dos lugares que mellor resista ocupación francesa, pois a creación da Xunta Superior do Reino de Galicia, servirá para coordinar a resistencia contra Napoléon e, un ano despois da invasión, expulsa os franceses antes que noutros lugares do Estado.

Con case todo o resto da Península baixo dominio francés, no ano 1812 promúlgase en Cádiz, no ano 1812, onde se atopaban desprazadas as Cortes a primeira constitución española. Dous anos máis tarde, expulsados por fin os franceses, **chega ao trono Fernando VII**. Porén, o novo monarca ignora movementos liberais e o novo réxime constitucional e instaura unha monarquía absolutista.

Entre 1814 e 1823 vai haber moitos movementos en prol da instauración dun réxime máis democrático: en 1815 prodúcese na Coruña un levantamento militar liberal, liderado polo militar liberal Juan Díaz Porlier, que fracasa, pero en 1820, o tamén militar liberal Rafeal del Riego lidera un novo levantamento que obriga o rei a aceptar a constitución, o que dá comezo ao **Trienio Liberal**. Como reacción a estes movementos, en 1823 Fernando VII pide

axuda a Francia, nese momento baixo o reinado absolutista de Luís XVIII, e un continxente do exército galo, coñecido como os Cen Mil Fillos de San Luís, axúdalle a recuperar o poder absoluto; comeza así o período coñecido como a **Década Ominosa**, que se estende até 1833, ano en que morre o rei de España.



«A familia de Carlos IV», de Francisco de Goya

A data de 1833 é de especial relevancia por diversos motivos. En primeiro lugar, supón a chegada ao poder da raíña María Cristina, en calidade de rexente da súa filla, Isabel II. Isto supón un conflito dinástico entre Carlos de Borbón, irmán de Fernando, e a filla de Fernando, dado que esta pode acceder ao trono grazas á eliminación da lei sálica, que relegaba as mulleres na liña sucesoria, e a partir deste momento até 1876 sucederanse tres guerras carlistas e varios alzamentos a prol do irmán do rei. Para Galicia en particular, a data de 1833 convértese no ano da desaparición formal do Reino de Galicia, que queda disolto, coa reforma territorial de Javier de Burgos, na catro provincias actuais, o que dará pé a un movemento que reclama a unificación provincial coñecido como **provincialismo**.

Deste 1833 até 1843 van sucederse as rexencias de María Cristina e do xeneral Espartero, e finalmente accede ao poder Isabel II. No primeiro momento vai apoiarse no liberais, e isto terá implicacións nas liberdades individuais e de prensa: neste novo reinado comezan a florecer novas publicacións de corte liberal e, no caso galego, tamén provincialista, que defenderán e promoverán, aínda que usando o castelán, o emprego da lingua galega.

O provincialismo colle cada día máis forza, e máis sectores sociais reclaman para Galicia un tratamento que avance na cohesión territorial e administrativa das catro provincias galegas. O 2 de abril de 1946 dáse un novo paso nestas reclamación co **levantamento liberal-provincialista** encabezado polo coronel Miguel Solís y Cuetos, que constituía a Xunta Superior do Reino de Galicia. O movemento, cun amplo apoio popular, é derrotado tres semanas

despois e os seus líderes son fusilados na vila de Carral (A Coruña); á historia pasarán como os **Mártires de Carral**, e supoñen, desde ese momento, un símbolo do provincialismo, que enraíza aínda máis no pensamento dos intelectuais galegos do momento. Outros afamados líderes do movemento, como Antolín Faraldo ou Francisco Añón, veranse abocados ao exilio. Uns anos máis tarde, en 1856, celébrase o **Banquete de Conxo**, un xantar confraternizador entre membros de diversas clases sociais co provincialismo como puntos en común; moitos autores destas décadas participarán nel.



Monumento aos fusilados tras o levantamento de 1846 en Carral.

En calquera caso, nestas décadas proseguirá o reinado isabelino, inzado de corrupción e escándalos que rodean á raíña, até que 1868 se produce a Revolución Gloriosa, ou Setembrina, que expulsa a Isabel II ao exilio. Comeza un novo período en España, o **Sexenio Democrático**, no que se suceden un goberno provisional, unha monarquía parlamentaria baixo o reinado de Amadeo de Saboia e a I República; todos estes réximes fracasan e acaban dando paso, en 1876, á **Restauración Borbónica**, primeiro co reinado de Afonso XII, despois coa rexencia de María Cristina e, finalmente, con Afonso XIII, cuxo reinado remata xa entrado o século XX, en 1931, coa instauración da II República española.

Namentres, o pensamento provincialista irá virándose máis forte e, na data de 1886, coa publicación da obra de Manuel Murguía *Los precursores*, comezará a empregarse a palabra *rexión* para referirse a Galicia. Isto suporá, nun

momento de renacemento literario, un paso máis nas reivindicacións galeguistas do século XIX: o **rexionalismo**.

A LITERATURA GALEGA DO S. XIX

PERIODIZACIÓN

Despois dos séculos do galego medio, tamén coñecidos como Séculos Escuros debido á escasísima produción literaria en galego (e en Galicia) durante a Idade Moderna, o XIX convértese, grazas a varios factores, no século do Rexurdimento da lingua e da literatura galegas; porén, é este un movemento que non aparece de súpeto, senón que atopa o seu xermolo na época da Ilustración, con figuras que xa reivindicaran a lingua como Frei Martín Sarmiento, e vaise activando cunha progresiva normalización lingüística ao longo do oitocentos. Deste xeito, adoitamos establecer tres etapas entre 1808 e 1916, datas que consideramos como momentos inicial e final do século XIX para a literatura galega.

ETAPA	DATAS	CARACTERÍSTICAS
1º período do prerrexurdimento	1808-1843	Esta primeira época sucede aos séculos do galego medio e, polo tanto, non trae consigo un gran cambio nin na normalización da lingua nin na cantidade e na calidade dos textos publicados. Así e todo, nesta etapa comezan a se publicar textos circunstanciais e propagandísticos en galego, o que supón un avance respecto do período anterior.
2º período do prerrexurdimento	1843-1853	Coa chegada ao trono de Isabel II, comezan a aparecer xornais e publicacións que, relacionadas co provincialismo, van promover o emprego da lingua. Deste xeito, publicacións como <i>El Idólatra de Galicia</i> , <i>La Aurora de Galicia</i> ou <i>El Recreo Compostelano</i> serven de trampolín para textos literarios en galego e mais para outro gran número de texto que, aínda que escritos en castelán, animan ao emprego do galego.
Rexurdimento	1853-1916	A publicación d' <i>A gaita gallega</i> , de Xoán Manuel Pintos, marca o comezo do Rexurdimento, que alcanza a plenitude entre 1863 e 1888, período que se estende entre a publicación dos <i>Cantares gallegos</i> de Rosalía de Castro e d' <i>O divino sainete</i> de Manuel Curros Enríquez, e durante o cal van publicar as súas obras estes dous autores e mais Eduardo Pondal, verdadeiros artífices da restauración do galego como lingua literaria.

OS TEXTOS DO PRERREXURDIMENTO

Os textos da primeira metade do século XIX son textos, polo xeral, de circunstancias e de propaganda, primeiro contra os franceses (*Proezas de Galicia, Un labrador que foi sarxento aos soldados de novos alistamento*) e despois como parte dos enfrontamentos entre liberais e absolutistas (*Rogos dun galego establecido en Londres*).

Dentro dos textos realmente literarios e con vontade artística, debemos destacar, na lírica, a obra poética de Nicomedes Pastor Díaz, abeirada ao romanticismo.

Pola banda do teatro, destaca a peza *A casamenteira*, de Antonio Bieito Fandiño, cuxo argumento xira arredor dos matrimonios concertados entre homes vellos e rapazas novas e que conecta en certa forma co teatro español da Ilustración, máis concretamente con *El sí de las niñas*, de Leandro Fernández de Moratín. Así e todo, esta obra será publicada pero non representada; para atoparmos a primeira representación en galego do século XIX debemos agardar até 1882, ano en que *A fonte do xuramento*, de Antonio María de la Iglesia, é levada aos escenarios.

OS PRECURSORES DO REXURDIMENTO

Os **precursores** son un grupo de autores que publican a súa obra entre 1853 e 1880 e, polo tanto, abren o camiño do Rexurdimento. Dentro deste grupo debemos incluír a **Francisco Añón, Alberto Camino, Marcial Valladares, Antonio Fernández Morales e Xoán Manuel Pintos**. Estes autores, pese ás súas diferenzas, presentan unha serie de características comúns:

- ✚ Están en contra da **emigración**. Estes autores identifican a emigración, que decima a poboación galega durante case todo o século XIX, como un dos grandes males do pobo galego.
- ✚ Son partidarios da **luz** e do **progreso**. Á marxe da súa relixiosidade, coma é o caso de Pintos, estes autores militaron maioritariamente no laicismo e no liberalismo; esa confianza no progreso reflíctese, na súa obra, nas alboradas, composicións en que se canta a un futuro mellor para Galicia.
- ✚ Defenden a **tradición** e o **mundo rural**. Reivindican as tradicións e o mundo rural galego, que consideran realmente auténticos e que deben ser conservados.
- ✚ Predomina neles o **sentimentalismo**. Cren no intimismo, na saudade, na morriña etc. como parte da forma de ser galega; a lingua galega é vista como lingua dos afectos.

Estas características, a pesar de estes autores defender que o galego é unha lingua válida para todo, acouta a temática da súa obra e impide que cheguen ao nivel de universalidade que si acadarán os autores do Rexurdimento.

XOÁN MANUEL PINTOS (1808-1876)

Autor d'*A gaita gallega* (1853), primeiro libro publicado en galego. En Pintos destaca o costumismo e a reivindicación de Galicia, así como o uso do diálogo, o que o emparenta directamente con Frei Martín Sarmiento e o seu *Coloquio de 24 gallegos rústicos*.



Xoán Manuel Pintos

FRANCISCO AÑÓN (1812-1878)

Foi militante no provincialismo e a súa participación no pronunciamento de Solís no 46 levou ao exilio o resto da súa vida. A súa obra xira arredor da exaltación da paisaxe e dos costumes do país, mais desde a óptica da infancia como Arcadía perdida.



Francisco Añón

ALBERTO CAMINO (1821-1861)

É autor dunha poesía de corte intimista e fortemente subxectiva que amosa unha filiación romántica. O seu poema «O desconsolo» convértese nun símbolo da validez da lingua.

MARCIAL VALLADARES (1821-1903)

É máis coñecido por ser o autor na novela *Maxina ou a filla espúrea* (1880), considerada por algúns estudosos como a primeira novela en galego, pero, dentro da lírica do prerrexurdimento, conta cunha etapa de poesía intimista e outra costumista, e adoita valorarse máis a do primeiro grupo. Ademais, destaca o seu labor como estudoso da lingua, con estudos de gramática e a publicación do *Diccionario gallego-castellano* en 1884.

ANTONIO F. MORALES (1817-1896)

É o único autor que non se move nos círculos do provincialismo. Escribe os *Ensaio poéticos en dialecto berciano* (1862), obra costumista e próxima ao naturalismo escrita en galego do Bierzo. O seu foi o segundo libro en galego, un ano antes da publicación dos Cantares gallegos de Rosalía de Castro.

OBRAS MÁIS RELEVANTES

De todos os textos publicados na primeira década do Rexurdimento, é dicir, entre 1853 e 1863.

- ✦ **A gaita gallega (1853).** É a obra que marca o comezo deste novo período, por tratarse do primeiro libro en galego publicado despois de varios séculos. Non é, non obstante, un libro como tal, senón a primeira entrega dunha serie de publicacións que o autor non chegou a poder continuar. Trátase dun diálogo entre un gaiteiro pontevedrés e, Pedro Lucas, un tamborileiro foráneo, e no que intervén de cando en vez unha voz

narradora. É, en realidade, unha especie de manual de lingua e cultura galegas que lle serviu a Pintos para recompilar toda a súa obra escrita.

- ***Álbum de la caridad (1862)***. En 1861 celébranse na Coruña os Xogos Florais, un certame literario con abondosa participación de textos en galegos. Neste volume recompílanse estas composicións, tanto as premiadas como as que non, e supón unha antoloxía de poesía galega que recolle textos de autores do prerrexurdimento, pero tamén de figuras do Rexurdimento como Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, que, até ese momento, aínda non publicaran ningún título.

ESCOLMA DE TEXTOS

Á ALBORADA

¡Ay, miña pequeniña!
 ¡Qu'ollos bonitos tés! ¡Qué brilladores!
 ¡Case salta á alma miña,
 E vendo os teus colores,
 Ver me parece todos os amores!
 Agora qu'a alborada
 Os dulces paxariños xa cantaron,
 E d'a fresca orballada,
 N'as perlas os ramiños se pintaron,
 Agora ¡que diviños
 Brillaran os teus ollos cristaliños!
 ¡Ay! asoma esas luces,
 Asoma á esa ventana, miña hermosa;
 Tú que sempre reluces
 Con alas máis lustrosa
 Qu'á Luna, cando nace silenciosa.
 Verásme aquí cantando,
 Xunto estas augas craras, estas penas,
 Verásme aquí agardando
 Que se rompan as lúgubres cadenas
 D'a noite que m'aparta
 De quen nunca alma miña se véu farta.
 Mírame, sí, querida,
 Cando d'o brando sono te levantes,
 Mais fresca, e mais garrida
 Qu'estas frores fragantes,
 Qu'á espuma d' estas ondas resonantes.
 ¿E aínda non parecen
 Esas ollíños teus? ¿Dormes, rosiña?
 ¿Dormes, e resprandecen
 Os campanarios altos d'a mariña?
 ¿Aínda non oíche
 Aquela dulce vóz que m'aprendiche?
 ¿Déixasme qu'aquí solo
 Ás áugas lles dirixa os meus acentos,
 E non vés ó meu colo
 Fartarme de contentos,
 E amante aproveitar estes momentos?
 Desd'aquí vexo os mares
 Serenos, estenderse alá n-o ceo;
 Oyo d'aquí os cantares
 D' a píllara fugáz, d'o merlo feo;
 Pero o teu seno lindo
 Non o vexo, meu bén, qu'estás durmindo.
 Xa se foi o luceiro;
 Desperta d'esa cama; miña rosa;

Desperta, e ven primeiro
 Abrir a venturosa
 Ventana d'o teu carto: ven graciosa.
 Sál como sempre sales,
 Mais diviña qu'á diosa de Citera
 Salindo d'os cristales,
 Máis galana qu'á leda primavera
 Esparcindo rosales:
 Venus pra min, amante,
 Primavera, mañan, e fror fragante.
 Xa te vexo salindo
 Mirarme, e retirarte avergonzada,
 ¿E de quen vás fuxindo,
 Tontiña, arrebatada?
 ¿D'o teu amor que canta n-a enramada?
 Non fuxas, non, querida;
 Ven aquí: baixa a escala sin temores:
 Esa frente garrida
 A miña man a cubrirá de frores;
 Xa as teño aquí xuntiñas;
 ¡Qué venturosas son! ¡Qué bonitiñas!
 Vén despeinada aínda
 Dar-me o primeiro abrazo, darm'a vida.
 ¡Cáto és así máis linda!
 Ven qu'a mañan frorida
 Solo pr'os que se queren foi nacida.
 Non, non, durme descansa,
 Naide turbe o reposo d'o teu peito:
 Plácida quietú mansa
 Sin cesar vele o téu fermoso leito:
 Durme, que non tés penas,
 E acaso en min soñando te enaxenas.
 Repouses os teus ollos,
 Esas ollos diviños, venenosos;
 Tamén finos cogollos
 N'os rosales pomposos
 Agardan por abrirse recelosos.
 Si, miñá prenda amante;
 Eu cantarei aquí mentras que dormes.
 ¡Ay qu'o Landro brillante
 Non é dourado Taxo: nin o Tormes
 Alinda ó meu retiro!
 Durme, si. durme, mentras qu'eu suspiro.

Nicomedes Pastor Díaz

A GALICIA

*Airiños d'a miña terra,
airiños, airiños, aires
airiños, levám'a ela.*

Balada

Ay esperta, adorada Galicia,
D'ese sono en q'estás debruzada;
D'o teu rico porvir a alborada
Po-l'o Ceo enxergándose vay.

Xa cantando os teus fillos te chaman,
E c'os brazos en cruz se espreguizan...
Malpocados! O q'eles cobizan
É un bico d'os labios d'a Nay.

D'ese chan venturoso arrincado
Pol'a man d'o meu negro destino,
Hastra mesmo soñando maxino
Eses campos risoños cruzar.

E correr po-l'as hortas e prados,
Onde leda pasou miña infancia,
Respirando a suave fragancia
De xasmin, caravel, azahar.

Cóido ver esas rias serenas,
Escumando con barcos veleiros,
E cantares oir feiticeiros,
Que en ningures tan doces oín.

Inda creo sentir as labercas,
Que pineiran n'os aires cantando,
Cando o sol vay as nubes pintando
D'amarelo, de lume e carmin.

O través d'aguzados penedos
Penso ver empinados petoutos,
Viñas, hortas, devesas e soutos,
Q'apouvigan os ventos d'o Sul.

E saltando regueiros e valos,
Cata xa outros bós horizontes,
Outros veigas, mariñas e montes,
Que se perden n'a brétima azul.

Soño ahí q'entre verdes pereiras
Fouliadas alegres escoito,
Cando o Ceo se reviste de loito
N'as poéticas noites d'o bran.

E q'en medio de nenas garridas
Canta un mozo con voz pracenteira,

Para o lado tumbada a monteira,
Un-a orella tapando c'a man.

Eu soñey ver n'a cume d'o Pindo,
Adornados de mirto e loureiros,
Escritores poetas guerreiros,
Que sorrindo se daban a man.

Eran eses os fillos mais caros,
Que d'a Patria aumentaron a gloria:
Os seus nomes n'os fastos d'a historia
Con diamante grabados serán.

E dimpois un-a endrómena rara
Vin moverse con agoa fervente
E silvando com'unha serpente,
Como un lóstrego os campos cruzou.

Era aquel o porvir que xa soa
E d'as probes aldeas fay vilas...
Adios cantos e Musas tranquilas!
O imperio d'a industria empezou.

Acordey... O meu soño dourado,
Como fume pasou de repente,
E magoado o meu peito se sente
De soidades e amor palpitir.

Marmurey- ¡adorada Galicia!...
(E d'os ollos chovíanme as bágoas).
¡Quén pudera beber tuas agoas,
E teus aires feliz respirar!!!

De ti lonxe, querido corruncho,
Eu morréndome estou d'amargura,
Como a froita que vay xa madura,
E entre silvas o vento guindou.

¡Teño envidia d'a libre andoriña,
Q'ahí chega por todo-l'os mayos!...
¡Teño envidia d'as nubes e rayos,
Q'o Sudeste a esas terras levou!...

A ti voa entre ardentes suspiros,
Sobre as trémulas alas d'o vento,
A soidade d'o meu pensamento,
Que decote cravado está en ti!!

Por diversos países que eu vaya,
Ti serás miña doce memoria...
¡Mesmo entrar non quixera n'a gloria
Sin primeiro pasar por ahí!!!

Francisco Añón

O DESCONSOLO

Desta fontiña á veira froleada,
sentado á sombra dun chorón estóu,
doído o peito, a alma esconsolada,
triste morrendo pouco á pouco vou.

Desde que a negra morte aquela prenda
que tanto quixen me arrancou sin door,
soláz non acho en nada, e solta a renda
á pena, choro o meu perdido amor.

¡Quén o diría!, tan garrida e nova,
doce cal rula, e branca cal jazmín,
tan cedo había de baixar á coba!...
piedade, ceos, ¡ai!, piedá de min.

¡Solo quedo no mundo, solo, solo!
¿Qu'ei de facer?... Chorar e mais chorar,
e que aínda te vexo no meu colo,
Sabeliña querida, maginar!

Ja non iremos mais polos roleiros
en compañía amorosa ás moras, non,
nin baixo dos follosos ameneiros

as coitas che direi do corazón.

¡Cántas veces da agoa desta fonte
che din, miña vidiña, pola man!
Cántas os dous deixábamos o monte.
por tomar aquí o fresco, aló no vran.

¿E nas tardes de outono... non te acordas?
¡Mais qué digo, acordar, si te perdin!
Pártenseme, ¡ai!, do corazón as cordas;
pensó que inda aquí estás ¡louco de min!

Noutono... pois, con alegría moita
nos íbamos ao longo castañar,
e á reboladas eu guindaba froita,
mentras ti regalábasme en cantar.

E tamén cando... ¿pero á qué, memoria
fago do tempo aquel? ¡Ai! calarei...
Mírame, Sabeliña, dende a groria:
por ti decote triste chorarei.

Alberto Camino

GALICIA, BOI DE PALLA

Ou Galicia, Galicia boi de palla
Canta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguilón que che meten é de aceiro
E con el muita forza te asoballa.

No lombo teu zorrega, bate e malla
Fasta o máis monicreque ferrancheiro,
E calesquer podenco forasteiro
Te vafa de vergonza sin migalla!

Agarima alleeira eses ingratos
Ou víboras que postas ó teu peito
Co ferrete che rompen mil buratos!

Si o sangue teu refugas do teu leito
Malas novas madrasta de insensatos
Dos fillos teus ó amor non tes dereito.

Xoán Manuel Pintos: *A gaita gallega* (1853)